



INFORMACION BOLSAS DE ESTUDIO MEC CONVOCATORIA XERAL CURSO 2024/2025

PARA QUE ESTUDOS PODES SOLICITAR UNHA BOLSA?

Para alumnos que no curso 24/25 estean matriculados en:

- Bacharelato
- Cursos de acceso e de preparación para probas de acceso á Formación Profesional e cursos de formación específicos para acceso a ciclos formativos de grao medio e superior, impartidos en centros públicos e privados concertados
- Formación Profesional de grao medio e de grao superior
- Ensinos artísticos: profesionais e superiores
- Ensinos de idiomas en Escolas Oficiais, incluída a modalidade a distancia
- Ensinos deportivos
- Estudos relixiosos superiores
- Formación Profesional de Grao Básico
- Ensino universitario: Grados, Máster...

COMO SOLICITALA?.

1. **ENTRA NA SEDE ELECTRÓNICA.** <https://sede.educacion.gob.es> Todo o proceso de solicitude da bolsa realízase a través da sede electrónica do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes.
2. **REXÍSTRATE.**
 - Para rexistrarte, necesitas un usuario e un contrasinal:
 - Se xa te rexistraches previamente para calquera outro trámite, a túa conta segue sendo válida e non fai falta que che volvas a rexistrar.
 - Se nunca te rexistraches, clica en «Rexístrese» e segue os pasos para crear unha conta.
 - Para acceder á solicitude de bolsa, podes facelo de dúas formas:
 - Con Cl@ve (claves electrónicas de administracións públicas) ou certificado electrónico, se dispós deles, ou
 - Mediante o mesmo usuario e contrasinal cos que te rexistraches na sede electrónica.
3. **ENCHE O FORMULARIO.** Unha vez dentro, **tes que encher o formulario en liña.** Neste paso, non che pediremos que achegues documentación porque as unidades encargadas da tramitación de bolsas consultarán todos os datos necesarios para comprobar que reúnes os requisitos para solicitala. Só en determinados supostos pedirémosche que achegas algún documento concreto.



INFORMACION BOLSAS DE ESTUDIO MEC CONVOCATORIA XERAL CURSO 2024/2025

**4. IMPRIME O XUSTIFICANTE DE PRESENTACION. COMPROBA SE TE ATOPAS
NALGUNHA DAS SITUACIÓNS PARA REMITIR DOCUMENTACION:**

**DIRECCION PARA REMITIR DOCUMENTACION Á UNIDADE DE BOLSAS
XEFATURA TERRITORIAL DÁ CORUÑA. CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN,
FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

Servizo de Apoio aos Servizos Educativos . Sección de Bolsas de Estudo
R/ Vicente Ferrer, 2 - 15071 A Coruña

- ➔ PRAZO DE PRESENTACION DE SOLICITUDES: do 19 de marzo de 2024 ás 9 h.,
ata o 10 de maio de 2024 ás 15 h. (horas peninsulares)
- ➔ PARA MÁIS INFORMACION: <https://www.becaseducacion.gob.es>
- ➔ DURANTE OS MESES DE AGOSTO E SETEMBRO DEBES ESTAR ATENTO Ao
CORREO ELECTRONICO
- ➔ **Non o deixes para o final. Pide a túa bolsa aínda que non saibas o que vas
estudar ou mesmo se vas ou non a estudar.**

Para calquera dúbida, podes consultar a través de:

TELEFONOS: 981/184741-981 184742-881/881647-981/185725-981/182621.

CORREO ELECTRÓNICO: bolsas.ed.co@xunta.gal